

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PRIMEIRA FASE DA CAMPAÑA DE DOAZÓN NAS UNIVERSIDADES GALEGAS PROMOVIDA POR ADOS INCREMENTA UN 21,6% A PARTICIPACIÓN E ACHÉGASE CADA VEZ MÁIS AO OBTENCIVO DO “RETO 5000”

- **No transcurso da primeira fase participaron 2.878 membros da comunidade universitaria, dos cales un 36,7% doaban sangue por vez primeira**

Santiago, xoves 5 de marzo de 2020.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) quere amosar o seu agradecemento a todos os membros da comunidade universitaria pola súa excelente participación na primeira fase da campaña de doazón nas universidades galegas e que supuxo superar nun 21,6% as doazóns acadadas no mesmo período do ano anterior.

ADOS principia este mes de marzo a segunda fase da campaña especial de doazón de sangue na Universidade que se prolongará ata o vindeiro mes de maio, marcándose como obxectivo o “Reto 5000”, que pasa por acadar as 5.000 doazóns de sangue e superar ás 4.601 doazóns recollidas no pasado ano académico.

No transcurso da primeira fase da campaña na Universidade do curso 2019-2020, rexistrouse a participación de 2.878 membros da comunidade universitaria, cifra que representa un incremento do 21,6% con respecto ao mesmo período do curso anterior. Especialmente salientable resulta a participación de 1.136 cidadáns que doaron sangue por vez primeira, cifra que representa o 36,7% do total de doazóns rexistradas.

CAMPUS	DOAZÓN	NOVOS DOADORES
A CORUÑA	812	302
FERROL	134	58
LUGO	189	52
PONTEVEDRA	120	21
OURENSE	237	67
SANTIAGO	880	409
VIGO	506	227
TOTAL	2.878	1.136

Importante participación

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue lembra a importancia que ten o desenvolvemento das campañas de doazón no eido educativo, tanto en centros de educación non universitaria como universitaria xa que, para moitos xovenes, é o primeiro contacto que teñen co solidario xesto da doazón de sangue.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa, que se prolongará ata o vindeiro mes de maio, é posible grazas á colaboración que brindan os reitores das tres universidades, así como os decanos e directores de todos os centros educativos, membros da comunidade universitaria (PAS, alumnos e alumnas....)

Nas xornadas previas ao desenvolvemento da cada campaña, impartiranse charlas didácticas e distribuirase material informativo cos requisitos precisos para doar e da data e lugares onde podemos participar.

ADOS quere reiterar o agradecemento a todos os membros da comunidade universitaria a súa colaboración, ao tempo que reitera o seu compromiso co labor educativo e de sensibilización que se levan a cabo nas Universidades. Neste sentido, lembrar que a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue colabora coa Universidade noutras iniciativas como a realización de visitas formativas por parte dos centros universitarios ata os laboratorios de ADOS, colaboración con distintos colectivos e asociacións universitarias ou a realización de proxectos de Aprendizaxe e Servizo levados a cabo con distintas facultades da Universidade de Santiago de Compostela (USC), concretamente, neste curso coas Facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría da USC.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE